

# A NOITE DAS MULLERES

Kinuyo Tanaka, 1961

# 1128

ESTREA EN NUMAX: 28.06.2023 | V.O.S.E. | 93 min

A finais dos anos 50, a prostitución estaba prohibida en Xapón e se unha muller era descuberta exercéndoa era enviada a un reformatorio. Esta é a historia dunha destas valentes mulleres, Kuniko, que sae do reformatorio e intenta construír unha nova vida.



## O estigma das traballadoras sexuais

Por Kelley Dong

*A noite das mulleres* (1961) supuxo o reencontro coa guionista de *Peitos eternos* (1955), Sumie Tabaja. O filme, estreado oito anos despois de *Carta de amor* (1953), continúa a investigación de Tanaka do estigma arredor das traballadoras sexuais, centrándose no maltrato destas por parte doutras mulleres. Filmado en branco e negro, *A noite das mulleres*, comeza con primeiros planos dun montón de titulares de xornais que anuncian a aprobación da Lei de Prevención da Prostitución de 1956 e o posterior arresto de centos de traballadoras sexuais. Mentres un furgón policial cheo de mulleres saudando sae dun canelón, un narrador describe como o Ministerio de envía as delinquentes habituais a reformatorios como o Centro de Protección de Mulleres Shiragiku. Aínda que as directoras de Shiragiku expresan simpatía pola situación das mulleres, as numerosas medidas disciplinarias do centro -prohibición de fumar, illamento, etc.- castigan as mulleres pola súa presunta falta de respectabilidade. A ironía do centro é que é á vez unha prisión e un refuxio, como deixa ver un plano das mulleres mirando o mundo a través dun aramado. As mulleres escapan pola noite e regresan días despois porque prefiren a comunidade de cativas de Shiragiku ao xuízo que lles espera fóra.

A protagonista d'*A noite das mulleres* é Kuniko (Hisako Hara), unha antiga *yo-pan* (unha traballadora sexual que atende exclusivamente estranxeiros) coñecida en Shiragiku polo seu comportamento modélico. Coa esperanza de dar exemplo ás demais, as directoras mandan a Kuniko a traballar nunha tenda de ultramarinos. Á súa saída, Kuniko dase conta inmediatamente de que a súa rehabilitación non fixo nada para cambiar a visión que a sociedade ten dela como unha muller caída. A muller do tendeiro burlase dela como se estivese sucia, os homes que traballan na tenda acurrálanla como a un anaco de carne e o seu mísero salario non consegue mitigar a pobreza que a levou ao traballo sexual en primeiro lugar. Kuniko déixao. O seu seguinte traballo é nunha fábrica, onde soporta as rexoubas desapiadadas e o acoso violento das obreiras. Tanaka delimita cada traballo cun cambio de aspecto, desde o mandil que Kuniko leva na tenda ata o pano que leva na fábrica, pasando polo peiteado de colmea que luce cando pensa brevemente volver ao traballo sexual. (As amas de casa adifeiradas que desprezan especialmente a Kuniko aparecen con quimonos tradicionais). Pero a condición de traballadora sexual de Kuniko impídelle asimilarse plenamente á man de obra e ser aceptada polas mulleres que a ven como unha sedutora dos seus mozos, maridos e fillos.